



<b>SECCIÓN:</b> CONSELLERÍA DE FACENDA	<b>DATA ENTRADA:</b> 26/11/2015
<b>NORMA/PLAN:</b> Expedientes de modificación da relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña.	
<b>DATA DE RECEPCIÓN DA MEMORIA FUNCIONAL E ECONÓMICA DA PROPOSTA:</b> 26/11/2015	

A proposta de modificación da relación de postos de traballo de persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña inclúe as seguintes:

**Creacións:**

- Técnico en proxectos europeos (A1-24).
- Xefatura de negociado de análise de custos (C1-21)
- Posto Base de Relacións Internacionais (C2-16)

O custo das creacións ascende a 99.330,22 €, incluídas as cotas sociais.

**Amortizacións:**

- Administrador (A2-25)
- Secretario (C1-21).
- Posto Base (C2-16).

O custo das amortizacións ascende a 97.148,20 €, incluídas cotas sociais.

**Modificacións:** Consisten na revisión dos subgrupos de adscrición dos postos de traballo, abrindo a provisión dos postos a máis dun grupo de adscrición. A apertura dos postos a un único grupo facilitou a identificación entre os empregados funcionarizados e os postos asignados, así como a asignación dos complementos persoais transitorios. Unha vez rematado o proceso de funcionarización, cómpre a apertura dos postos a novas escalas e subgrupos para mellorar os mecanismos de mobilidade do persoal. As modificacións producen unha diminución do custo da relación de postos de 4.125,67 €, Seguridade Social incluída.

Fundamento normativo:

Artigo 81.4 da L.O. 6/2001, de Universidades, e punto sexto do Acordo para o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015, publicado mediante Resolución do 22 de decembro de 2010 (DOG núm. 11, do 18 de xaneiro de 2011).

INFORME: **Favorable**, por adaptarse ás dispoñibilidades orzamentarias.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2014

O director xeral de Planificación e Orzamentos



Miguel Corgos López-Prado

**Sr. Xerente da Universidade da Coruña**